

DECLARACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA, COETG, CO GALLO DO DÍA MUNDIAL DAS TELECOMUNICACIÓNS E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN 2008

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) quere dirixirse un ano máis a toda a sociedade galega co gallo do Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2008, que hoxe, día 17 de maio, se celebra en todo o mundo.

Somos conscientes de que a historia das telecomunicacións en Galicia vai indiscutiblemente ligada á nosa propia historia, e viceversa. Hai 150 anos que as telecomunicacións forman parte da vida dos galegos, desde a chegada do telégrafo no 1858 ata as máis sofisticadas tecnoloxías dixitais actuais. Cada avance e cada nova ferramenta de comunicación supuxeron unha fonda pegada na crónica da humanidade, unha transformación irreversible cara ao desenvolvemento industrial, tecnolóxico, económico e social dos países e nacións así como da mellora da calidade de vida das persoas.

Nesta liña, estamos convencidos de que a relevancia das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) se acentúa nunha sociedade como a nosa, caracterizada pola existencia dunha poboación dispersa e unha orografía complexa. As novas telecomunicacións convértense nunha ferramenta capaz de rachar coa barreira física e abrimos as portas cara o progreso do País.

Non nos cabe dúbida de que, no que respecta ás telecomunicacións, xa somos un País maduro. Temos máis de 1.000 Enxeñeiros de Telecomunicación representados a través do noso Colexio, experimentados na investigación, no desenvolvemento e na formación e somos posuidores dunha industria consolidada que exporta os seus produtos e servizos a todo o mundo. Por esta razón, cremos que temos a competencia para insistir nunha vella demanda do COETG, que é que a futura sede da Axencia Estatal de Radiocomunicacións se emprace definitivamente en Galicia.

Tamén hoxe, 17 de maio, celebramos o Día das Letras Galegas, unha data sinalada na que poñemos de manifesto a relevancia da lingua galega como o noso elemento de comunicación. O COETG aposta firmemente porque a nosa lingua teña un lugar dentro destas novas tecnoloxías da información. Por iso, a creación e o impulso do proxecto que lideramos relativo ao Dicionario Enciclopédico Galego das TIC, un compendio documental de referencia do amplo universo das novas tecnoloxías e da Sociedade da Información en Galicia, supón un paso importante na consecución deste obxectivo. Desde o COETG agardamos que estes esforzos frutifiquen no progreso do noso País e en beneficio de todos os cidadáns.

Asdo.: Ramón Bermúdez de Castro Olavide
Decano COETG



colexio oficial
enxeñeiros de telecomunicación
galicia